

3ª GZ 1·10

O colectivo Azouta presentará o vindeiro sábado 18 de decembro, no Museo do Mar de Galicia o documental **3ª GZ 1·10**, un filme que reflicte sobre o mundo da carpintería de ribeira en Galicia através das testemuñas dos propios carpinteiros.

A fita recolle a historia persoal de oito profesionais do sector espallados por toda a costa galega, que deliñan co seu relato un amplo percorrido polas mudanzas históricas e polos desafíos actuais aos que se enfrenta a construción artesanal de embarcacións de madeira.

A introdución de novos materiais como a fibra ou o ferro, que desprazaron a madeira no eido da construción naval; a invisibilidade fronte a administración e a sociedade da que adoece esta actividade; a degradación do monte galego, que impide o emprego de madeiras autóctonas de calidade e obriga á importación das foráneas; a eiva dunha formación non regrada que dificulta a existencia de relevo de futuros profesionais, a necesidade de formar parte dos planos de estudo das enxeñerías navais ou o feito de non poder asinar os seus propios deseños, son algúns dos principais retos que a carpintería enfrenta hoxe día en Galicia.

3ª GZ 1·10, unha idea orixinal de Noa García e Xabier Vieiro, é unha produción independente realizada ao longo deste ano, sen apoio económico de institución pública ningunha, e coa colaboración do Museo do Mar de Galicia.

A estrea do documental realizarase o vindeiro sábado 18 de decembro no Museo do Mar de Galicia (Avenida da Atlántida núm. 160, Vigo) , ás 19.00 horas do serán.